

Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 14 de marzo de 2024, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo a instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, dos medicamentos considerados de alto impacto, sanitario, social e económico:

PEMBROLIZUMAB e CEMIPILIMAB

no tratamento de cancro de cérvix, segundo as seguintes indicacións:

- Pembrolizumab, en combinación con quimioterapia con ou sen bevacizumab, no tratamento do cancro cervical persistente, recorrente ou metastásico en mulleres adultas cuxo tumor expresa PD-L1 cun CPS ≥ 1 .
- Cemiplimab en monoterapia no tratamento de mulleres adultas con cancro cervical metastásico ou recorrente cuxa enfermidade progresa durante ou despois da quimioterapia baseada en platino.

En ambos casos, se hai metástases cerebrais, estas deberán estar controladas con corticoides con dose ≤ 10 mg de prednisona ou equivalente.

O tratamento con pembrolizumab en combinación con quimioterapia (+/- bevacizumab) ou con cemiplimab en monoterapia terá unha duración máxima de dous anos ou ata progresión ou toxicidade intolerable.

Non administrar cemiplimab en paciente tratado previamente con pembrolizumab.

Santiago de Compostela, (data e sinatura dixital)

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Jorge Aboal Viñas

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde